



Concello de Cospeito

Asunto: Campamento de verán 2024 Concilia Cospeito.- Segunda convocatoria
Expediente núm.: 666/2024

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía de data 13 de xuño de 2024, procédese á apertura da segunda convocatoria para a inscrición e participación do Campamento de verán “Concilia Cospeito” dende o día 14/06/2024 ata o día 19/06/2024 ás 23:59 horas, nos termos que a continuación se indican:

“O Concello de Cospeito co fin de facilitar a conciliación da vida laboral e familiar organiza durante o mes de xullo de 2024 o campamento de verán baixo o nome “*Concilia Cospeito*”.

Aos efectos de coñecer a demanda de participación no campamento e determinar o número de prazas e os servizos a ofertar, realizouse unha enquisa a través das redes sociais e, en base aos resultados obtidos na mesma, procedeuse á aprobación das bases reguladoras para a inscrición e participación na actividade. Non obstante, tramitado o proceso de adxudicación das prazas ofertadas, detéctase que o resultado é totalmente distinto ao previsto na enquisa realizada, dado que quedan 15 prazas vacantes na quenda de 8:30 a 16:30 horas (con comida) e quedan nenos sen praza na quenda de 8:30 a 14:30 horas (sen comida).

Atendendo a que se abriu un novo prazo de inscrición de xeito excepcional de 3 días naturais para a cobertura das vacantes na quenda de 8:30 a 16:30 horas (con comida), segundo o establecido no punto 3.4 das bases que regulan o procedemento, resultando que seguen sen cubrirse as prazas vacantes.

Tendo en conta que a prestación do servizo de campamento de verán “Concilia Cospeito” ten por obxecto conciliar a vida laboral, persoal e familiar, ademáis da función educativa que pretende que os menores de 16 anos desenvolvan ao máximo as súas capacidades persoais, favorecendo a comprensión da realidade e integrando a dimensión cognoscitiva, afectiva e social.

Dada a natureza e importancia do servizo e tendo en conta a demanda da prestación do mesmo, consideráse beneficioso para o interese xeral proceder a unha segunda convocatoria para poder participar no Campamento de verán “Concilia Cospeito”.

Por canto antecede, RESOLVO:

PRIMERO: Aprobar as seguintes bases reguladoras para a organización e selección dos/as participantes no Campamento de verán “Concilia Cospeito”

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

“ 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas Bases regular a inscrición na actividade **“CAMPAMENTO DE VERÁN CONCILIA COSPEITO”** coa finalidade de conciliar a vida laboral, persoal e familiar ademáis da función educativa que pretende que os menores de 16 anos desenrolen ao máximo as súas capacidades persoais, favorecendo a comprensión da realidade e integrando a dimensión cognoscitiva, afectiva e social

O campamento contará con 80 prazas (agás no caso de restricións derivadas por calquera índole), **sendo obxecto desta segunda convocatoria 15 prazas distribuídas da seguinte forma:**

- **15 prazas na quenda de 8:30 a 14:30 horas (100€ ao mes por neno.)**

2. SUXEITOS

A convocatoria vai dirixida á poboación infantil con idades comprendidas entre os 4 e 16 anos no caso de existir máis solicitudes que prazas ofertadas asignaranse estas últimas segundo o procedemento do punto 5.

3. INSCRICIÓN

3.1. DATAS DE INSCRICIÓN

A inscrición no campamento poderá realizarse dende o día 14/06/2024 ata o día 19/06/2024 ás 23:59 horas.

3.2. PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

A través do trámite específico na sede electrónica do Concello de Cospeito:

- <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/info>.
- Presencialmente no rexistro xeral do Concello de Cospeito (horario de 9 a 15 horas)

3.3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Para a xustificación do punto 5.2. destas bases, requírese presentar a seguinte documentación no momento da solicitude:

1. Formulario modelo de inscrición. (ANEXO I)
2. Fotocopia do Libro de Familia (páxina onde aparece o inscrito/a) ou DNI (en caso de ser o primeiro ano de inscrición).





Concello de Cospeito

3. Declaración da Renda do 2022 (base imponible xeral + base imponible de aforro) (ANEXO II).

4. Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (De non vir especificado será excluída a solicitude da baremación). Para as persoas autónomas entregárase fotocopia do último recibo de autónomos.

5. Documentación onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por coidador non profesional, para situacións de dependencia.

6. Xustificante bancario de ter aboado a cantidade correspondente a quenda que solicita.

7. Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración.

A documentación especificada nos apartados 2, 3, 4 e 5 non será necesaria aportala se obra en poder do Concello de Cospeito, debendo presentar unicamente os anexos I, II e III.

A documentación do apartado 6 non será necesario presentala no caso de que xa se presentara na primeira convocatoria.

No caso de que os solicitantes pagaran con anterioridade unha taxa superior á que lle corresponde na quenda solicitada nesta segunda convocatoria devolveráselle a diferenza presentando o certificado bancario onde quere que se faga a devolución.

4. REQUISITOS MÍNIMOS DE PARTICIPACIÓN

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar na convocatoria sempre que teñan capacidade de integración no grupo ou estea acreditado a través dun informe médico, educativo ou social que se vai beneficiar das actividades desenvolvidas.

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZAS. A adxudicación realizarase da seguinte forma:

5.1. ADXUDICACIÓN DIRECTA Se as solicitudes non superan o número de prazas ofertadas.

5.2. ADXUDICACIÓN POR BAREMACIÓN No caso de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas aplicaranse os criterios de baremación establecidos no apartado seguinte.

5.2.1. CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

5.2.1.A. CRITERIOS XERAIS DE PUNTUACIÓN

<i>Familias nas que traballen os dous proxenitores ou titores/as</i>	10
<i>Familia monoparental/monomarental traballando</i>	10
<i>Familias nas que só unha das persoas proxenitoras está en situación laboral activa</i>	3
<i>Familia monoparental/monomarental que non se atopen en situación laboral activa.</i>	3
<i>Familias que soliciten praza para máis dun/dunha menor</i>	1 (por cada menor)

5.2.1.B. CRITERIOS DE CARÁCTER SOCIAL, PUNTUACIÓN CRITERIOS PUNTUACIÓN

<i>Familia numerosa categoría xeral</i>	2
<i>Familia numerosa categoría especial</i>	3
<i>No suposto que a nai/titora, pai/titor ou representante legal da persoa menor sexa cuidador/a non profesional dunha persoa en situación de dependencia (Lei 39/2006 de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Persoas en Situación de Dependencia e sucesivas modificacións)</i>	2
<i>Por cada persoa con discapacidade na unidade de convivencia</i>	1
<i>Vítimas de violencia de xénero</i>	3

5.2.2. DESEMPATE MEDIANTE RENDA PER CÁPITA

Nos casos en que haxa igualdade de puntuación para a obtención da praza, procederase a desempatar dándolle prioridade ás familias cuxa unidade familiar teña unha renda per cápita anual inferior ou igual ao 100% do IPREM (7.200,00 €). Superado dito umbral de renda per cápita anual, as solicitudes ordenaranse de menor a maior renda per cápita, tendo preferencia as de menor contía. Xustificarse coa declaración da Renda do 2022 (base imponible xeral + base imponible de aforro).

De persistir o empate, para a obtención da praza adxudicarase a través dun sorteo co seguinte procedemento:

Concello de Cospeito





Concello de Cospeito

Ordenaranse as solicitudes por orde alfabética de apelidos.

- *Asignaráselle a cada solicitante un número.*
- *Realizarase o sorteo electrónico aleatorio dos números asignados a cada solicitante en función do número de prazas que corresponda a cada actividade. A data do sorteo público, de ser preciso, publicarase por medios electrónicos.*

5.3. RENUNCIA DE PARTICIPACIÓN

As persoas que obtiveron praza no campamento e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar renuncia ao efecto por escrito a través do rexistro do Concello de Cospeito ou ben a través da sede electrónica antes do comezo do campamento, senón será de aplicación o punto 7 destas bases.

6. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS

A listaxe provisional de persoas admitidas publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal .Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións dende a publicación. Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de agarda, se fora o caso. No caso de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de agarda aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

7. BAIXAS

Causarase baixa automática no servizo, sen dereito a devolución da cota de inscrición, por calquera das circunstancias seguintes:

- *Por solicitude propia*
- *Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.*
- *Por faltas de asistencia reiteradas sen comunicación*
- *Por incumprimento reiterado das normas por parte do/a menor e da familia.*
- *Por non presentar a renuncia por escrito antes do comenzo do campamento*

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A baixa na actividade non dará lugar á devolución da cota de inscrición ou no seu defecto da parte proporcional correspondente.

8. NORMAS XERAIS

1.O horario preferente das actividades será de 08:30 a 14:30 /16:30horas. Como punto de entrega e recollida xeral do alumnado establécese o C.P.I. Plurilingüe Virxe do





Concello de Cospeito

monte as instalacións da piscina no exterior da propia instalación.

2. Primaranse as actividades no recinto do C.P.I. Plurilingúe Virxe do Monte. Con climatoloxía favorable as actividades poderán facerse en outros espazos ao aire libre.

3. Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro de 2024.

4. O alumnado contará cun seguro de asistencia sanitaria que contará como mínimo coas prestacións mínimas do Seguro Deportivo Obrigatorio Deportivo establecidas no Real Decreto 849/1993, de 4 de xuño. En caso de accidente ou lesión durante as sesións, o alumnado debe poñelo inmediatamente en coñecemento dos monitores e nun prazo de 24 horas informar ao SMD para tramitar o correspondente parte de accidentes.

5. O Servizo Municipal de Deportes (SMD) en coordinación coa empresa adxudicataria do servizo, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de re-axustar os grupos, horarios, as actividades e se fose necesario deixalos sen efecto.

6. A persoa solicitante e, no seu caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso de que o SMD ou a empresa adxudicataria do servizo detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa causará baixa sen dereito á devolución da taxa aboada.

7. Coa presentación da solicitude o alumnado comprométese a cumprir coa normativa sectorial que resulte de aplicación.

8. Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, no seu caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD ou da empresa adxudicataria.

9. Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución, regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar, e regulado polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o Concello de Cospeito pide o consentimento aos pais, nais ou tutores legais para poder publicar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo os nenos e nenas nas diferentes actividades dos campamentos 2024, co fin de publicalas nas redes sociais municipais, así como cedelas a medios de comunicación locais.

10. De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de





Concello de Cospeito

carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado *CAMPAMENTO CONCILIA COSPEITO 2024*, do que será responsable do tratamento o Concello de Cospeito e a empresa adxudicataria do servizo encargada do tratamento, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das actividades dos campamentos de verán. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose ao Concello de Cospeito. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.

9. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO

1. O alumnado non asistirá se presenta febre ou síntomas compatibles con calquera enfermidade, comprometéndose a coñecer e aceptar as medidas de hixiene e de seguridade establecidas para o desenvolvemento da actividade, sendo responsabilidade exclusiva do propio alumnado ou do seu pai/nai ou titores legais o seu incumprimento.
2. O horario asignado será rigoroso, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo.
3. Non é posible a asistencia de pais, nais, titores ou público durante as actividades.
4. O alumnado virá vestido coa roupa que utilizarán durante o campamento.
5. O alumnado acudirá cunha única mochila ou similar para gardar os seus efectos persoais debendo ser custodiados polo propio alumnado. Deben acudir con bebida, merenda, gorra e protección solar, botando esta última antes da actividade ou no seu domicilio.
6. O alumnado non poderá compartir alimentos, bebidas ou similares, o seu uso será individual
7. O alumnado non poderá asistir con teléfonos móbiles, similares ou outros obxectos aos campamentos
8. O alumnado cumprirá calquer normativa subseguinte aprobada polas autoridades sanitarias e deportivas competentes.

10. COTA DE INSCRIPCIÓN

Contía do Prezo Público será:

- Unidades familiares beneficiarias de algún programa de axuda ou emerxencia

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

social (RISGA ou emerxencia social do Concello de Cospeito...)..... 0 euros.

- Quenda de 8:30 a 14:30 horas100€ ao mes por neno.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS INSCRICIÓNS

A inscrición e participación nos Campamentos de Verán 2024 supón a aceptación das normas.

12. REFERENCIAS LEGISLATIVAS

1. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
4. Prezo público do Concello de Cospeito aprobado en sesión extraordinaria celebrada o día 13.05.2024.
5. Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.
6. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.”

ANEXO I

FORMULARIO DE INSCRICIÓN CAMPAMENTO CONCILIA COSPEITO 2024

Nome e apelidos do neno/a _____
DNI neno/a _____ Data de nacemento _____ Nome
do pai/nai titor _____ DNI _____ N°
Móbil _____ Correo
electrónico _____

Patoloxías coñecidas(alerxias, enfermidades,
etc...) _____

Tratamentos en
curso _____

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

--	--	--	--

3.- LIQUIDACIÓN, COTA E CADRO DE TARIFAS

Tipo de Quenda	quenda 8:30a 14:30	quenda de 8:30 a 16:30	comida
unidades familiares beneficiarisa de algún programa de axuda ou emerxencia social	0	0,00€	0
Quenda de 8:30 a 14:30	100€		
Quenda de 8:30 a 16:30		140,00€	180€
TOTAL A INGRESAR			

Cospeito a _____ de _____ do 20__

Asd.: _____

Espacion reservado para a Administración:		Espacio reservado para selo acreditativo do pago:	
LUGAR DE INGRESO	Abanca	2091-0113-88-3110000014	
	Caixa Rural	3070-0023-69-1138233125	

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

1. **-Formulario de inscrición**
2. **-Fotocopia do Libro de Familia ou D.N.I. en caso de ser o primeiro ano de inscrición**
3. **-Declaración da Renda do 2022.**
4. **-Certificados de empresa conforme se está traballando e non en período de vacacións. Dito documento deberá especificar que nas datas que solicita o campamento non ten programadas as vacacións (de non vir especificado será excluída a solicitude da baremación). Para as persoas autónomas entregarse fotocopia do último recibo de autónomos.**
5. **-Documentación onde se recoñeza a libranza para coidados no contorno familiar por**

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102





Concello de Cospeito

coidador non profesional, para situacións de dependencia.

6. *- xustificante bancario de ter aboado a cantidade correspondente a quenda que solicita*
 7. *-Outra documentación que se requira para xustificar as diferentes situacións baremables no apartado 4 de criterios de valoración*
-
-
-

-Solicito praza para máis dun/dunha menor da mesma unidade familiar.

A documentación especificada nos apartados 2, 3, 4 e 5 non será necesaria aportala se obra en poder do Concello de Cospeito, debendo presentar unicamente os anexos I, II e III.

A documentación do apartado 6 non será necesario presentala no caso de que xa se presentara na primeira convocatoria.

No caso de que os solicitantes pagaran con anterioridade unha taxa superior á que lle corresponde na quenda solicitada nesta segunda convocatoria devolveráselle a diferenza presentando o certificado bancario onde quere que se faga a devolución. “

En Cospeito, na data que figura á marxe do documento.
O Alcalde,

D. Armando Castosa Alvariño

DOCUMENTO DATADO E ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 Lugo. Tfno. 982520001. Fax: 982520102

